

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1110T9	<i>Expediente</i> CON/1/2017	<i>Fecha</i> 28-04-17 10:54

Número 14 .- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á adxudicación do contrato de "Subscrición póliza de seguro de risco colectivo de accidentes dos empregados municipais do Concello de Santiago de Compostela"

Destinatario



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 28 de abril de 2017 adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 14 .- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMÍA E FACENDA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE "SUBSCRICIÓN PÓLIZA DE SEGURO DE RISCO COLECTIVO DE ACCIDENTES DOS EMPREGADOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA".

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta, de data 19 de abril de 2017, da concelleira delegada de Economía e Facenda. Así mesmo, do informe favorable de Intervención, nº 2017/246.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"**María Rozas Pérez**, concelleira delegada de economía e facenda, e presidenta da mesa de contratación da licitación "Subscrición póliza de seguro de risco colectivo de accidentes dos empregados municipais do Concello de Santiago de Compostela", conforme os termos establecidos no artigo 320 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por RD Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 16/06/2015,

EXPÓN:

Primeiro: Con data 30 de marzo de 2017, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CMG1110T9	CON/1/2017	28-04-17 10:54

presentadas é a do licitador MARKEL INTERNACIONAL INSURANCE COMPANY LTD, SUCURSAL EN ESPAÑA.

Segundo: Con data 18 de abril, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e conforme ao acordado nas correspondentes reunións da mesa de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa MARKEL INTERNACIONAL INSURANCE COMPANY LTD, SUCURSAL EN ESPAÑA (CIF: W0068002E), por un importe de **9.504,69 euros/ano** exento de IVE, ó ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo, compromete un incremento de capital de 5.000 euros sobre os mínimos establecidos nos pregos de aplicación para os supostos de falecemento por accidente, invalidez permanente absoluta, invalidez permanente total, invalidez permanente parcial e gran invalidez.

Desígnase como responsable do contrato a Dna. María del Carmen Domínguez Lage, xefa do servizo de persoal.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **030 9200 22403**, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2017: 6.336'46 euros.
Anualidade 2018: 9.504'69 euros.
Anualidade 2019: 3.168'23 euros."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:

Adxudicar o contrato de "Subscripción póliza de seguro de risco colectivo de accidentes dos empregados municipais do Concello

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CMG1110T9	CON/1/2017	28-04-17 10:54

de Santiago de Compostela" a favor da empresa MARKEL INTERNACIONAL INSURANCE COMPANY LTD, SUCURSAL EN ESPAÑA (CIF: W0068002E), por un importe de 9.504,69 euros/ano, exento de IVE, ao ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo, compromete un incremento de capital de 5.000 euros sobre os mínimos establecidos nos pregos de aplicación para os supostos de falecemento por accidente, invalidez permanente absoluta, invalidez permanente total, invalidez permanente parcial e gran invalidez.

Desígnase como responsable do contrato a Dna. María del Carmen Domínguez Lage, xefa do servizo de persoal.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 030 9200 22403, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercizos orzamentarios:

Anualidade 2017: 6.336,46 euros.

Anualidade 2018: 9.504,69 euros.

Anualidade 2019: 3.168,23 euros.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Xan Xesús Duro Fernández

